

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 17 de xullo de 2019 polo que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o documento básico da mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, ámbito: Camiño Francés (clave AC/17/012.10.2).

Con data do 17 de xullo de 2019, a Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da Conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Orde do 4 de febreiro de 2013, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de febreiro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

Antecedentes de feito.

Primeiro. Con data do 23 de novembro de 2018 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 224) o Anuncio do 14 de novembro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o documento básico da mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, ámbito: Camiño Francés, de clave AC/17/012.10.2, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. Durante todo o trámite de información pública non se presentaron alegacións, só certificados, e procedeuse á súa valoración.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 80 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG do 16 de maio de 2018), determina que a aprobación da delimitación dos Camiños de Santiago levará implícita a declaración de interese social e a de necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos para os fins de expropiación forzosa, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes tanto dos tramos necesarios para a funcionalidade da traza coma dos bens localizados no seu ámbito delimitado necesarios para a conservación, protección ou servizo do Camiño.

Segundo. De acordo co establecido nos artigos 18 e seguintes da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e os concordantes do seu regulamento, someteuse

CVE-DOG: lhjy4xm2-pi18-bho4-6s33-ibgvnmzk0gi31



ao trámite de información pública a relación de bens e dereitos necesarios para a execución do documento básico, durante un período de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo con todo o exposto, e tras ter soamente certificados presentados polos organismos oficiais competentes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar definitivamente o expediente de información pública, así como o documento básico da mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, ámbito: Camiño Francés, de clave AC/17/012.10.2, que contén a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados; mantendo o trazado proposto como definitivo.

Segundo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: lhjy4xm2-pi18-bho4-6s33-ibgvvmzk0gi31

